

CURSO

TRABALLO SOCIAL E

SENIOR COHOUSING



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublin, 6

15707 Santiago de Compostela | A Coruña

Tel. 981 568 100 | Fax 981 941 898

www.traballosocial.gal | info@traballosocial.gal








Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

Indice

0.	INFORMACIÓN DO CURSO.....	1
1.	FUNDAMENTACIÓN.....	1
2.	OBXECTIVOS.....	3
3.	CONTENIDO.....	3
4.	PERSONAS DESTINATARIAS.....	4
5.	METODOLOGÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	4
6.	CALENDARIO/PLANIFICACIÓN.....	4
7.	AVALIACIÓN.....	5
8.	EQUIPO DOCENTE.....	5
9.	REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	6

0. INFORMACIÓN DO CURSO

 Duración	100 horas
 Lugar	En liña –Plataforma Moodle
 Datas	Do 15 de febreiro ao 14 de maio de 2021
 Horario	NA
 Prezo	Persoas colegiadas: 110€ Persoas non colegiadas: 140€

NOTA: A renuncia ás prazas adjudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes do cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1. FUNDAMENTACIÓN

Nos últimos tempos o aumento da esperanza de vida é unha realidade, as persoas viven máis anos e en mellores condicións que hai unhas décadas. Os adiantos médicos, a conciencia dunha vida saudable e os cambios na construción cultural dos ciclos vitais (desvinculación dos roles e a idade) son algúns dos elementos que favorecen o que se fai chamar o “**envellecemento do envellecemento**”.

O informe publicado por Nacións Unidas, ***Aging Word Population 2013***, indica que a esperanza de vida ao nacer na poboación mundial incrementouse neste último século dunha forma espectacular. **España** foi un dos países que en maior medida experimentou este cambio demográfico nun curto período de tempo. As estatísticas mostran que, mentres no ano 1900, o grupo de 65 e máis se situaba algo por baixo do millón de persoas, na actualidade multiplicouse por catro. As previsións realizadas para o 2050, indican que este grupo superará o quince millóns de persoas no noso país. En canto ao grupo de 80 e máis anos, en España prevese pasar do 4,0% de principios de século XX ao 14,9% da poboación.

Doutra banda, asistimos a grandes cambios nas estruturas familiares: redución nas dimensións e diferentes tipos de estruturas familiares, dispersión xeográfica dos membros da familia extensa, total incorporación da muller ao mundo laboral, incremento do número de persoas maiores que viven soas, maior complexidade e duración dos coidados en persoas maiores dependentes, etc.

Neste sentido, **Rodríguez (2006)** recomenda que as actuacións que se planifiquen para afrontar este novo escenario, deben contemplar unha dobre vertente:

- **Buscar e apoiar o envellecemento competente ou exitoso, previndo a dependencia e fomentando que as persoas maiores sigan contribuindo e sendo parte activa das súas comunidades.** O Modelo do Envellecemento Activo formulado pola OMS (2002), na Asemblea Mundial do Envellecemento celebrada en Madrid, é o principal marco de referencia sobre este asunto ao converterse na paradigma mundial para o desenvolvemento de políticas do conxunto de países do mundo.
- **Apoiar as necesidades que xorden cando acaecen situacións de fragilidade e dependencia.** Nas sociedades inmersas nun proceso de sobre-envellecemento poboacional, cabe subliñar a necesidade de dispor de sistemas de protección social, que dean cobertura e apoio a estas novas necesidades das persoas maiores e dos grupos familiares. Neste sentido, precísase dunha rede de recursos formais, que permitan proporcionar atención flexible e continuada ás diferentes necesidades. Os recursos que permitan envellecer na contorna habitual (senior cohousing, servizos de apoio no domicilio, centros de atención diurna, aloxamentos temporais, etc.) han de converterse nunha prioridade, ao ser este modo de vida e coidados a preferencia de vida reiterada das persoas.

En España, o nacemento da **Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia**, provoca un aumento exponencial do número de centros de atención a persoas maiores, tanto de carácter público como privado, que xorden para cubrir as novas necesidades. A crise sanitaria do Covid-19 puxo de manifesto que o modelo residencial actual mostra unha serie de carencias que requiren ser liquidadas. O informe **HelpAge Internacional España** relativo á discriminación por razón de idade (**IMSERSO, 2019**) inclúe como recomendación: “*ofrecer formulas residenciales distintas ás actuais formas de institucionalización (viviendas intergeneracionales, cohousing, etc.)*”.

Así pois, o Senior Cohousing aparece como resposta ao envellecemento poboacional, aos cambios nas estruturas das familias, á precarización e privatización dos servizos destinados á atención a maiores e á imposibilidade de conciliación que dificulta a posición da familia como axente principal dos coidados. O Senior Cohousing convértese nun instrumento que permite intervir sobre os prexuízos que rodean ao envellecemento e os roles que asignamos ás persoas maiores nesta etapa da vida, a través de valores como **a autoxestión**, a toma de decisións sobre os coidados a través do **modelo de atención integral e centrado na persoa (MAICP)** e a **innovación social**.

Coa presente formación preténdese dotar aos e as profesionais do traballo social dos coñecementos necesarios sobre estas novas solucións habitacionais e mostrarlles como o noso perfil profesional encaixa á perfección no proceso de acompañamento, **asesoramento e creación dun Senior Cohousing**.

2. OBXECTIVOS

- Identificar os diferentes xacementos de emprego existentes no ámbito do traballo social.
- Dar a coñecer aos e as profesionais do traballo social as ferramentas necesarias para participar en procesos de asesoramento e creación de vivendas colaborativas para maiores ou Senior Cohousing.
- Dotar aos e as profesionais do traballo social dos coñecementos necesarios para o correcto desempeño das súas funcións nesta área.

3. CONTENIDO

- MÓDULO I. Marco conceptual do Cohousing.
 - Definición e orixes do Cohousing ou vivendas colaborativas.
 - Características Comúns do modelo Cohousing.
 - Tipoloxía do modelo Cohousing.
- MÓDULO II. Proceso de creación dunha vivenda colaborativa ou Cohousing.
 - Forma xurídica e modelo de convivencia do Cohousing.
 - Financiamento do modelo Cohousing.
 - Proceso de creación dunha vivenda colaborativa ou Cohousing.
- MÓDULO III. Senior Cohousing.
 - Conceptualización do Senior Cohousing.
 - Historia do Senior Cohousing.
 - Antecedentes teóricos do Senior Cohousing.
 - Perfil e características da poboación maior en España: porque envellecer en comunidade.
- MÓDULO IV. Proceso de creación dun Senior Cohousing.
 - As características específicas do Senior Cohousing.
 - As fases para a creación dun Senior Cohousing: o método Nielsen.
- MÓDULO V. A disciplina do traballo social e o Senior Cohousing.
 - Traballo social con persoas maiores.
 - Traballo social con grupos.
 - Traballo social comunitario.

■ ■ MÓDULO VI. Funcións dos e as profesionais do traballo social no Senior Cohousing.

- Fase de creación e desenvolvemento dun Senior Cohousing.
- Fase de seguimento dun Senior Cohousing en funcionamento.
- Resolución de conflitos e Senior Cohousing.

■ ■ MÓDULO VII. Principais exemplos de Senior Cohousing no mundo.

- Senior Cohousing en Estados Unidos.
- Senior Cohousing en Europa.
- Senior Cohousing en España.

4. PERSONAS DESTINATARIAS

Profesionais do traballo social, persoas colexiadas e precolexiadas con interese na área das persoas maiores, cooperativismo, innovación social e vivendas colaborativas.

5. METODOLOGÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

4

Formación online, onde a través da plataforma do COTSG os alumnos poderán traballar os contidos formativos mediante os seguintes recursos: temario en formato PDF, contido audiovisual, lecturas complementarias e participación activa nos foros onde se proporán temas de interese para fomentar o debate.

6. CALENDARIO/PLANIFICACIÓN

A duración do curso é de 100 horas. Desenvolverase do 15 de febreiro ao 14 de maio atendendo á seguinte distribución temporal dos distintos módulos:

Módulo	Data de inicio
Módulo 1:	15 de febreiro de 2021
Módulo 2:	25 de febreiro de 2021
Módulo 3:	08 de marzo de 2021
Módulo 4:	18 de marzo de 2021
Módulo 5:	29 de marzo de 2021
Módulo 6:	08 de abril de 2021
Módulo 7:	19 de abril de 2021

Módulo 8:	29 de abril de 2021
Módulo 9:	10 de maio de 2021

Complementarase con 2 sesións virtuais, de presentación y de peche do curso, que se desenvolverán a través de Zoom previstas para os días:

- 15 de febreiro, 16.30h, de 1h de duración aproximadamente.
- 10 de maio, 16.30h, de 1h de duración aproximadamente.

7. AVALIACIÓN

Para superar o curso será indispensable superar o test final de cada módulo onde será necesario contestar correctamente 6 das 10 preguntas.

Ademais algúns dos módulos disporán de exercicios prácticos que terán un carácter voluntario e que poderán realizar aquelas persoas que queiran profundar no tema obxecto de estudo.

Recomendamos o uso dos distintos foros onde se abrirán temas para debater en grupo e xerar sinerxías. A participación nos mesmos tamén terá carácter voluntario.

5

8. EQUIPO DOCENTE

Vitoria Abadía Calpena. Nº Col. 2533

Traballadora Social en exercicio libre.
 Experta universitaria en mediación familiar e resolución de conflitos.
 Experta universitaria en coordinación de parentalidad.
 Perito social forense.

Socia fundadora de Alicerce Social (<https://alicercesocial.wordpress.com>) gabinete de traballo social e mediación familiar en Pontevedra.

Traballadora social e mediadora en Cohousing Galicia entidade facilitadora de proxectos cohousing en Galicia. (<https://cohousing.gal>)

Experiencia profesional en centros sanitarios privados como mediadora e traballadora social en exercicio libre, traballadora social en centros residenciais privados de atención a persoas maiores e persoas dependentes e centros de día.

Formación en atención integral e centrada na persoa, dano cerebral e demencias.

9. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- **Do Monte Diego, J. (2017).** Cohousing. Modelo residencial colaborativo e capacitante para un envellecemento feliz. Estudos da Fundación Pilares para a autonomía persoal. Nº 4.
- **Durret, C. (2015).** O Manual do Senior Cohousing. Autonomía persoal a través da comunidade. Madrid: Dykinson.
- **INFORME 2019 Dereitos das persoas maiores: Cara a unha Convención de Nacións Unidas en defensa dos dereitos das persoas maiores.** Elaborado por HelpAge International España 2019 e financiado por IMSERSO.
- **Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.** Boletín Oficial do Estado núm. 299, de 15 de decembro de 2006..
- **Rodríguez Rodríguez, Pilar (2007).** Residencias e outros aloxamentos para persoas maiores. Madrid: Ed. Médica Panamerican

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

7



981 568 100



Rúa Dublin, 6
15707 Santiago de Compostela | A Coruña



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia